

NOVIDADES

LIBROS

O TRADUCTOR CLEPTÓ-
MANO de Dezsó Kostolanyi
A ELEGANCIA DO OURIZO
de Muriel Barbery

VESPA de Davide Mazzanti
HISTORIA DA LITERA-
TURA GALEGA de Dolores Vilave-
dra

LA EVOLUCIÓN DE CAL-
PURNIA TATE DE Jaqueline Kelly
UN PASEO POR LAS ES-
TRELLAS de Milton Heifetz
THE THIEF OF ALWAYS
de Clive Barker

PELÍCULAS

EL BANQUETE DE BODA
LAS TRES NOCHES DE EVA
FALSAS APARIENCIAS
MULLHOLAND DRIVE
OTOÑO EN NUEVA YORK

O MUNDO : BREVES

ORIENTE PRÓXIMO

Israel mata varias persoas ao ata-
car un barco con axuda humanitaria
procedente de Turquía.

PREMIO PRÍNCIPE DE ASTURIAS

O premio Príncipe de Asturias das
Letras recaeu este ano no escritor
libanés Amin Maalouf

DESASTRE ECOLÓXICO EN EEUU

Mentres parte da costa de Florida
nada en petróleo o presidente ame-
ricano xa clama por un cambio no
modelo enerxético no seu país.

MUNDIAL DE FÚTBOL

O Mundial de fútbol bota a andar en
Suráfrica e o mundo olvida os seus
problemas... por un tempo

Boletín nº 8

XUÑO 2010



LETRAS GALEGAS: Uxío Novoneira



Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel, en 1930, fillo dunha familia de labregos. Esta terra será o principal referente físico para os seus versos, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega. No ano 1955 deu ao prelo *Os eidos*, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con *Os eidos 2., Letanía de Galicia e outros poemas* (1974). Nos comezos da década de 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelán, publicando *Os eidos. Libro do Courel* (1981), que terá diversas reedicións. No ano 1983 afínase definitivamente en Santiago, cidade desde a cal exerceu como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, até a súa morte no ano 1999. Publica *Poemas caligración* prologada e ilustrada, con textos vinculados arredor da segunda metade desa recompilación temática completa. Así, en *Muniu os poemas paixonais máis tarde*, en *Do Courel 1986*, os de temática ñados dunha antoloxía varios anos de silencio *de doada certeza i este pálpbras*. En 1998 publica *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas*.



Nos seus textos, Novoneyra explicita o seu compromiso nacionalista e marxista (especialmente na época en que estes temas son protagonistas na literatura galega), sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e mais pola linguaxe, pescudando na materia lírica até conseguir o mellor resultado visual e —sobre todo— sonoro para os textos (botando man para tal efecto de diversos recursos como o fonosimbolismo, a utilización de dialectalismos e vulgarismos, os silencios, o simbolismo gráfico, etc).



Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis
medosa...
Rastrexo
parase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...



A biblioteca é unha fiestra aberta ó mundo, onde atopamos non só os libros que os profesores nos mandan ler, senón moitas outras historias, música, noticias, contos, lendas, imaxes ... un mundo de infinitas posibilidades.

Este ano os xoves no recreo, a música ocupou un lugar moi especial, na nosa biblio. Quixemos amosarvos artistas non tan coñecidos polo gran público, en xeral, pero que non por iso, deixan de ser maravillosos.

Escoitamos músicas moi diferentes, artistas cunha fama xa consolidada como foron:

Joan Manuel Serrat, coa súa tremente voz cantando os poemas de Miguel Hernández;
 A elegancia de **Nina Simone**
 O inconfundible estilo de **Van Morrison**
Louis Armstrong, inesquecible para sempre, cun eterno sorriso e o son da súa trompeta e da súa voz,
 As letras poéticas de **Leonard Cohen** tan profundas coma a súa VOZ.

A frescura de **Carlos Nuñez**, levando a música galega ó máis alto.
 Grandes mestres da guitarra coma **Eric Clapton** e **Carlos Santana**

Por outra banda, tamén puidemos gozar de artistas que empezaron hai pouco tempo e prometen, como son **The Sunday Drivers**, **Jamie Cullum** e **Vetusta Morla**

E moitos outros máis que xa nos deixaron pero quedáanos a súa música enchéndonos de emoción... É o caso da música doce e íntima de **Antonio Vega** ou a adrenalina que corre na de **Queen**.

Unha chea de nomes que esperamos vos sirvan para abrir os vosos oídos a músicas diferentes.



Así que felices músicas e feliz verán!!!



Outra das ofertas da biblioteca vén en forma de cine.

CINE NO INSTITUTO

Temos cine clásico e moderno, en español, en galego, documentais, comedia e traxedia, cine en familia e cine de adultos, pero sempre bo cine. Cando podemos proxectámosvos algunha que outra película, (en Nadal, na Semana Cultural...) e as veces vos levamos fóra (os de bacharelato foron ver Ágora a Carballo) pero se non se dá ningunha destas circunstancias invitámosvos a que levedes algunha das magníficas películas que temos na biblioteca, NON VOS ARREPENTIREDES.



CRÍTICAS LITERARIAS



Fariña Temprano, Anxo, *Os megatoxos e os templarios da luz*, Edicións A Nosa Terra, 2009.

Para Ruxe, Ninfa, Lúa e Fáisca, a vida non volverá a ser igual despois dos recentes acontecementos vividos.

Algo tan inocente como unha viaxe

de estudos coa clase vai transformarse, grazas a intervención dos xemelgos Ezbel e Exeria, nun inesperado pesadelo. Os Megatoxos descubrirán que as redes dos misteriosos Templarios da Luz esténdense a todos os niveis e que, para a súa desgraza, están máis ligados á súa existencia do que lles gustaría aceptar. Uns descubrimentos que realizarán no pasado, no medio da Revolución Industrial en París, a cidade das luces. Alí terán que facer fronte a unha decisión na que, nun lado da balanza estará un ser querido e no outro, unha cidade enteira. Elixan o que elixan, o futuro non volverá a ser o mesmo.

Esta é a primeira novela de Jaqueline Kelly nacida en Nova Zelandia e criada entre Canadá e Texas. *A evolución de Calpurnia Tate* cóntanos parte da infancia dunha nena que, fascinada polos milagres da bioloxía, iníciase nas teorías de Darwin da man de seu avó, un home misterioso, ao que case lle tiña medo, que se revelará como un estudioso da natureza e apaixonado dos avances tecnolóxicos. Para Calpurnia ser a única rapaza de seis mezos de século XX todo cando a súa nai da " cousas de señorico" ou cocinara saíndo a contemplar a espécimes, facendo con insectos ou esde anotacións de cións.



O segredo do éxito desta novela quizais se atope en que esta historia dunha moza protagonista que loita por atopar o seu lugar no mundo agrada a un amplo abano de lectores, dende nenos ata adultos, o que a converte nunha novela "multixeracional".

OS CLUBS DE LECTURA

Os clubs de lectura son hoxe en día parte fundamental do noso centro. Están formados non só polos lectores máis avezados, senón tamén polos máis curiosos e por voluntariosos profesores que non deixan de sorprenderse polo material humano co que contamos no instituto. É verdade que non todos os lectores cumpren sempre coas citas, que ás veces se nos fai costa arriba compaxinar a lectura e o estudo ou a preparación das clases pero chegamos a final de curso e estamos satisfeitos ... e con ganas de máis. ¿Que será o que teñen ? ¿Botaremos algunha poción máxica na "chocolatada " do inicio? Quen sabe, se cadra encontraredes a resposta no relato que segue...

* **Os nosos lectores máis pequenos** compartiron a experiencia de ler e traballar sobre dous interesantes libriños, un en castelán e outro en galego:

"Néctar, ambrosía y unas gotitas de humor" de Javier Gómez Molero e "Vaiche boa!" de Paul Jennings

Todos eles quedaron satisfeitos das lecturas que fixemos. Din que se divertiron con elas, especialmente coa primeira, que relataba diferentes historias e trasnadas dos deuses do Olimpo.

Tamén gozaron das actividades que realizamos ó final de cada libro, nas que se amosaron moi participativos e ilusionados por resolver as cuestións que se lles expuxeron.

Agora que chega o remate, non dubidan en repetir de novo o próximo curso.



Aquí vos deixamos as súas opinións como membros do club:

"A experiencia de participar no club de lectura foi moi emocionante; As actividades que fixemos ensináronnos outra forma diferente de ler un libro." Leticia e Alicia 2º A

"O club de lectura pareceume unha idea bastante boa para fomentar a lectura, xa que hai que ler un ou dous capítulos dun libro cada dúas semanas, que non é moito!" Ian 1º A

"O club de lectura paréceme unha boa idea para quen lle guste ler; os libros deste ano parecéronme divertidos."

Diego Pérez 1º A



* **Os medianos** foron un pouco máis lacazáns . Leron dous libros (os máis aplicados) e despois fixeron unhas actividades de ordenador feitas especialmente para eles, e algúns ata tiveron un pequeno agasallo ,¿ Que fariamos sen lapis de carpinteiro, non si?

Leron "El señor de las moscas" do premio Nobel de literatura William Golding e "O lapis de carpinteiro" de Manuel Rivas .

Disque o pasaron tamén moi ben, pero todos coincidiron en que lles gustaría ter aínda máis actividades, así quexa o pillamos, e para o ano que vén , máis de todo.

Quedámonos con esta frase de Lorenzo de 3º de ESO que nos dixó:

" Todos os días indo ao club , decateime de que a lectura é un novo mundo"

* **Os maiores** como forman un grupo moi heteroxéneo (profes e alumnos de bacharelato- máis Carmen) traballaron dun xeito totalmente distinto, cada un ao seu ritmo . ""Mil soles espléndidos", "O cazador de papaventos" , "A elegancia do ourizo",ou "O tradutor cleptómano" foron algúns dos títulos propostos e traballados. Gustoulles especialmente ler libros de autores para eles descoñecidos no momento e, sobre todo ver aos profesores falar de libros en vez das súas materias. Dixeron cousas como:

"Foi unha das mellores experiencias do instituto" ou " Seguíde así , non cambiedes"



LECTURAS PARA AS VACACIÓNS

No verán os días son moi longos e sempre atoparemos un tempo no que gozar de autores ou libros que nos gustan. **Pasa pola biblioteca** e leva algún título que che faga "vivir" novas experiencias. Temos obras de autores que vos farán pasar un bo anaco!!!

CORNELIA FUNKE

Autora alemá naceu no 1958. Estudou pedagogía e ilustración. Ten publicado máis de corenta títulos e ten moito éxito entre o público xuvenil. Se aínda non liches nada dela, esta é a ocasión.



CORAZÓN DE TINTA : pertence á triloxía *Mundo de Tinta* . Fantasía e maxia. Loita entre ficción e realidade, entre o ben e o mal.

EL SEÑOR DE LOS LADRONES : Misterio, detectives, amizade en Venecia.

LAS GALLINAS LOCAS Y EL AMOR : (a partir de 12 anos) Cinco amigas empezan a verse afectadas por este sentimento dalgún xeito.



JACK LONDON

Jack London (1876-1916) traballou dende moi novo nos oficios máis dispares, dende mariñeiro e pescador ata xornalista. Ten máis de cincuenta obras, moitas delas de aventuras na natureza (Alasca, California, Illas do Pacífico Sur...)



UNHA ODISEA NÓRDICA : O esforzo do home fronte á natureza: buscadores de ouro en Alasca. Despois da súa propia experiencia neste lugar, escribe varios libros con historias que trouxo das rexións xeadas onde foron homes de todas as partes do mundo.

CAIRO BRANCO : Esta vez a historia é contada a través das aventuras dun can. **Buck** .

Correremos, comeremos, loitaremos e viviremos como un can salvaxe, sempre mirando para o mundo cos seus ollos e facendo reflexións de can. É unha sensación que durante todo o libro será moi intensa.



HENNING MANKEL

Naceu en Estocolmo no 1948. É autor de novelas policiais famosas en todo o mundo , tamén escribe literatura xuvenil . Home moi comprometido socialmente, era un dos tripulantes da "flotilla da liberdade" brutalmente atacada por Israel cando tentaban achegar axuda humanitaria á franxa de Gaza.

EL CHINO: Considerado o mellor *thriller* do autor, publicouse por primeira vez en 2008.

Nunha fría mañá de xaneiro de 2006, un fotógrafo descobre nun pequeno pobo de Suecia dezanove persoas asasinadas...

EL SECRETO DEL FUEGO: Trata dunha persoa invencible chamada Sofía. Existe na realidade e ten doce anos . Vive nun dos países máis pobres do mundo: Mozambique(...) "este libro trata dela e de algo que ocorreu, algo que cambiou a súa vida" di o autor.



MANUEL RIVAS

Naceu na Coruña en 1957. É escritor e xornalista. A súa obra está traducida a vinte linguas.

O LAPIS DO CARPINTEIRO: é unha historia de amor, melancolía e liberdade , en tempo de guerra e posguerra, que chega aos nosos días.

¿ **QUE ME QUERES AMOR?**: Dezaseis narracións que levaron o 7º premio Torrente Ballester de narrativa.

